

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

NUMERO EXPEDIENTE	2024040624
ASUNTO	SUBMINISTRACIÓN CONTINUADA DE AUGA MINERAL NATURAL ENVASADA PARA OS CENTROS FINCA MOURISCADE E ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO PERTENCENTES A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
TRÁMITE	Incoación do expediente

O deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura e o deputado delegado de Acción Comunitaria e Equipamentos Públicos e Estación Fitopatolóxica de Areeiro, en virtude das competencias delegadas da presidencia en materia de contratación, ditan a seguinte PROVIDENCIA

O art. 116 da Lei de contratos do sector público (en diante LCSP), dispón que a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP

1. NECESIDADE E IDONEIDADE*

O Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo establece que "*os lugares de traballo dispoñerán de auga potable en cantidade suficiente e facilmente accesible*", motivo polo cal é necesario a subministración de auga mineral natural envasada para cubrir as necesidades do persoal que presta servizo nos centros Finca Mouriscade e a Estación Fitopatolóxica Areeiro pertencentes á Deputación de Pontevedra.

A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

2. SERVIZO SOLICITANTE*:

Finca Mouriscade e Estación Fitopatolóxica Areeiro

Responsable do contrato	- Finca Mouriscade: xefatura do Servizo de Medio Ambiente - Estación Fitopatolóxica Areeiro: xefatura da Estación Fitopatolóxica Areeiro
Responsable da Administración	Non procede



3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:

Denominación do contrato	Subministración continuada de auga mineral natural envasada para os centros Finca Mouriscade e Estación Fitopatolóxica Areeiro pertencentes a Deputación de Pontevedra	
Obxecto e contido	<p>Subministración de garrafas de auga mineral natural envasada de consumo habitual para os centros Finca Mouriscade e Estación Fitopatolóxica Areeiro, segundo as necesidades, incluíndo a instalación, mantemento, hixienizado e a reposición (en caso de avaría) das fontes ou dispensadores, conservando a empresa a titularidade das mesmas.</p> <p>Con todo, aínda que a empresa asume ditas tarefas que podería definirse como propias dun servizo, a prestación principal é a subministración da auga, non valorando economicamente o servizo por considerarse como unha prestación marxinal incluída no custe da subministración.</p>	
CPV	15981100-9 – Auga mineral sen gas	
Lotes	<input type="checkbox"/> SI	
	<input checked="" type="checkbox"/> NON:	<p>Xustificación:</p> <p>A execución do contrato a través de lotes independentes dificultaría a correcta execución dos traballos desde o punto de vista técnico, impedindo a optimización dos recursos e mellora da eficacia e eficiencia da subministración de auga mineral natural.</p>

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:

Tramitación proposta	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE No caso de tramitación urxente, motivación:	
Tramitación anticipada	<input type="checkbox"/> SI	<input checked="" type="checkbox"/> NON
Incluído no plan anual de contratación	<input type="checkbox"/> SI	<input checked="" type="checkbox"/> NON



5. FINANCIACIÓN*:			
Centro	Aplicación orzamentaria	Anualidade	Importe total (co IVE)
Finca Mouriscade	410.4120.226.99	2024	700,70 €
		2025	1.201,20 €
		2026	500,50 €
Estación Fitopatolóxica Areeiro	413.4123.226.99	2024	1.027,70 €
		2025	1.761,76 €
		2026	734,06 €

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*:	
Prazo de execución/duración do contrato	O presente contrato ten unha duración de 2 anos.
Posibles prórrogas nos contratos de duración	<input checked="" type="checkbox"/> SI NON Número de prórrogas: 2 Duración de cada prórroga: 1 ano

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:	
CONCEPTO	CUSTO
1. Orzamento sen IVE	5.387,20 €
2. IVE (10 %)	538,72 €
TOTAL	5.925,92 €



XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS*

Para a determinación destes custes tomáronse como referencia as subministracións previas de garrafas, é dicir, os litros consumidos en cada un dos centros por anualidade, tendo en conta o prezo por litro habitual de mercado, co fin de facilitar a presentación en diferentes envases de distintas capacidades, sempre por debaixo dos 20 l, considerándose ademais un incremento previsible do IPC do 4%.

Centro	Custe litro (€)	IPC (4%)	Total custe litro (€)	Litros totais estimados	Custe/ano (€)	Custe/2 anos (€)
Mouriscade	0,35	0,014	0,364	3.000	1.092,00	2.184,00
Areeiro	0,35	0,014	0,364	4.400	1.601,60	3.203,20
					Total	5.387,20

8. RÉXIMEN DE PAGOS*:

O pagamento realizarase por mensualidade, presentarase 2 facturas correspondentes unha coa Finca Mouriscade e outra coa Estación Fitopatolóxica de Areeiro.

9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*:

Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	SI: Grupo ____ Subgrupo ____ Categoría ____
	NON:
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	Tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado

10. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE, SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA*:

Habilitación empresarial ou profesional específica	SI: Especificación e explicación:
	<input checked="" type="checkbox"/> NON
SOLVENCIA ECONÓMICO-FINANCIERA	



O aplicable en defecto de previsión	
Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado
SOLVENCIA TÉCNICA	
O aplicable en defecto de previsión	
Outros	Determinación: segundo o establecido nos art. 89 e 90.1 da LCSP, a solvencia técnica determinarase en función dos principais subministro e servizos ou traballos, respectivamente, realizados de igual ou similar natureza nos últimos 3 anos
	Xustificación: Conxunto de servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado
COMPROMISO DE MEDIOS	
Non procede	

11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Criterios	Criterios automáticos <ol style="list-style-type: none"> 1. Prezo, máximo 90 puntos 2. Aumento da frecuencia de hixienizado das fontes, respecto do mínimo establecido (2 veces ao longo do ano): <ul style="list-style-type: none"> - Hixienizado das fontes 3 veces ao longo do ano: 5 puntos - Hixienizado das fontes 4 veces ao longo do ano: 10 puntos
Xustificación	<p>A adxudicación dos contratos do sector público realizarase utilizando distintos criterios baseados no principio de mellor relación calidade-prezo (131.2 LCSP). A mellor relación calidade-prezo avaliarase en relación a criterios económicos e cualitativos (145.2 LCSP).</p> <p>Os criterios de adxudicación propostos correspóndense con criterios de valoración automática (100 puntos) en relación ao prezo ou importe a pagar (90 puntos) e á diminución do prazo de entrega (10 puntos).</p>



12. DETERMINACIÓN DO VALOR ANORMAL CON PLURALIDADE DE CRITERIOS:

Para a identificación dunha oferta como anormal no seu conxunto, terase en conta unicamente o prezo, carecendo de transcendencia económica relevante o resto de criterios de adxudicación.

13. ESTRUTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:**14. PENALIZACIÓNS:****15. OUTRAS CLAÚSULAS:**

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. - Que por Resolución Presidencial número 2024002173, de 15 de marzo do 2024, de delegación de atribucións da presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2024002205, do 15 de marzo do 2024, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas.

Dispoño,

Primeiro.-Iniciar o expediente para a contratación da subministración continuada de auga mineral natural envasada para a Deputación de Pontevedra, mediante o procedemento de aberto simplificado abreviado, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.

Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

Documento asinado dixitalmente

